



3 de novembro de 2022

Ola de novo rapazada !

Mariña e máis eu empezamos a planificar a nosa viaxe e , aínda que queda moito tempo, hai que ir organizando para non deixar todo para o final.

Polo momento, como xa falamos co profesorado, sabemos a distribución de cursos e lugares que ides investigar. Imos dicirvos cales son porque igual vos tocou un país pero , de casualidade, sabedes moito doutro e así podedes avisar aos compañeiros ou ao profe dinamizador e comentarlles cousas do lugar que coñecedes. Se preferides, podedes avisalos cubrindo a nota que vos deixamos para que a poñades dentro do buzón da biblioteca.

Nivel	Países que visitaremos	Dinamizador/a
EI de Coirós	EEUU	Conchi
4º E. Infantil	Países Nórdicos	Mariví
5º E. Infantil	Australia	Marina
6º E. Infantil	China	Ana
1º E. Primaria	Portugal	Isabel
2º E. Primaria	África	Beatriz
3º E. Primaria	Suramérica	Leo ou Yolanda
4º E. Primaria	México	Silvia
5º E. Primaria	Xapón	Noelia
6º E. Primaria	India	Juan


Ademáis, Mariña e máis eu tivemos unha idea !!! O caso é que como van ser tantos os países que imos visitar no verán, está claro que, para organizar a equipaxe, imos ter que identificar cada cousa que fagades cun logo ou co debuxo dunha mascota que represente a cultura que ides coñecer. ANIMÁDEVOS A PARTICIPAR!!! E PRESENTADE AS VOSAS PROPOSTAS ENTRE O 7 E O 11 DE NOVIEMBRE NA MALETA DA BIBLIOTECA. Como van saír moitas propostas, Mariña e máis eu escribiremosvos de novo para anunciarvos cal foi a escollida para cada nivel.

Moitísimas grazas pola axuda. Moitos bicos,

Leo e Mariña

MASCOTA OU LOGO DA CULTURA

.....



Nome :

curso:

Ola , eu son : da clase de e quero axudar aos meus compañeiros e compañeiras das clases de porque teño información sobre a Cultura de e sei onde atopar datos sobre (pon unha x onde corresponda) :

- ☐ O idioma.
 - ☐ Os contos, mitos e lendas.
 - ☐ Cine e a música.
 - ☐ Os inventos.
 - ☐ Os xogos, xoguetes e deportes.
 - ☐ O colexio e a forma de vivir.
 - ☐ A gastronomía.
 - ☐ A vestimenta.
 - ☐ As artes (cadros ou pintores famosos) e a arquitectura (construcción ou edificios importantes e tipos de vivenda habituais).
-

Ola , eu son : da clase de e quero axudar aos meus compañeiros e compañeiras das clases de porque teño información sobre a Cultura de e sei onde atopar información sobre (pon unha x onde corresponda) :

- ☐ O idioma.
- ☐ Os contos, mitos e lendas.
- ☐ Cine e a música.
- ☐ Os inventos.
- ☐ Os xogos, xoguetes e deportes.
- ☐ O colexio e a forma de vivir.
- ☐ A gastronomía.
- ☐ A vestimenta.
- ☐ As artes (cadros ou pintores famosos) e a arquitectura (construcción ou edificios importantes e tipos de vivenda habituais).